



www.abe.gal

### 10 MOTIVOS para asociarse

#### #7\_USO DE INSTALACIONES

A ABE conta cunhas magníficas instalacións que están a disposición dos socios para que celebren xuntanzas, cursos, presentacións de produtos e similares.

Cunha simple reserva online poden dispoñer de 2 aulas, 1 sala de xuntas, un salón de actos con 100 localidades e todo elo de xeito gratuíto.

#SONBOIRO



Asociación  
Boirense de  
Empresarios

info@abe.gal  
tel\_981847888  
wasap\_602484123



www.abe.gal

### 10 MOTIVOS para asociarse

#### #9\_PROMOCIÓN

Tes a posibilidade de promocionarte na web e RRSS da asociación que chegan a milleiros de clientes e usuarios.

É unha excelente maneira de dar a coñecer ás empresas asociadas un determinado produto ou oferta ou mesmo algún dos proxectos que levan a cabo.

#SONBOIRO



Asociación  
Boirense de  
Empresarios

info@abe.gal  
tel\_981847888  
wasap\_602484123



www.abe.gal

### 10 MOTIVOS para asociarse

#### #8\_NETWORKING

Estar asociado permite estar en contacto con 200 empresas da contorna, compartir experiencias, establecer relacións comerciais ou simplemente sentirte acompañado por empresarios con problemáticas similares.

Organizamos cada eventos de alto nivel como os Premios ABE e o Fálame Sempre. Ser socio da dereito a asistir a ambos.

#SONBOIRO



Asociación  
Boirense de  
Empresarios

info@abe.gal  
tel\_981847888  
wasap\_602484123



www.abe.gal

### 10 MOTIVOS para asociarse

#### #10\_VALOR DE MARCA

Somos unha comunidade dinámica, aberta e colaborativa e unha das máis representativas da comunidade autónoma.

O noso centro comercial aberto obtivo en 2015 a mención especial e en 2019 un accésit nos premios nacionais de comercio, máximo galardón do goberno de España en materia comercial.

#SONBOIRO



Asociación  
Boirense de  
Empresarios

info@abe.gal  
tel\_981847888  
wasap\_602484123

# 10 razóns para asociarse

**ABE** Asociación  
Boirense de  
Empresarios

www.abe.gal

10 MOTIVOS  
para asociarse

#1 \_CONVENIOS

Os negocios asociados poden desfrutar de importantes descontos tanto polos *convenios* propios como polos de APE Galicia, entidade á que estamos asociados; servizos bancarios, enerxía, formación superior ou servizos xurídicos son algúns exemplos.



#SONBOIRO

10 MOTIVOS  
para asociarse

#3 \_SUBVENCIONS

Realizamos todo o proceso, dende a información inicial ata a solicitude, xustificación e seguimento de todo o expediente.

No pasado ano tramitáronse 72 subvencións e acadamos para as empresas asociadas 489.000€ en axudas que se traduciron en mais de 700.000€ de inversión.



#SONBOIRO

10 MOTIVOS  
para asociarse

#5 \_CAMPAÑAS E FIDELIZACIÓN

Os clientes dos negocios asociados poden rexistrar os tíckets para acumular puntos e cambiar por agasallos durante todo o ano, ademais participan en sorteos e promocións.

Tamén van poder gastar os bonos ABE no teu negocio tanto os que se poñen como premio en campañas como os que mercan particulares para regalar.



#SONBOIRO

10 MOTIVOS  
para asociarse

#2 \_FORMACIÓN

Ao longo do ano realizamos, tanto presenciais coma online, numerosos cursos, charlas e seminarios sobre temas de interese para o empresario.

Tamén terás vantaxes se queres participar nas actividades formativas dependentes da administración pública, escolas de negocios e entidades superiores.



#SONBOIRO

10 MOTIVOS  
para asociarse

#4 \_INFORMACIÓN

Remitimos de maneira puntual información coas novidades sobre lexislación, convenios, calendario laboral, programas públicos, actos, congresos, comunicados de facenda e SS SS...

Ademais, cada semana recibirás unha circular co resumo de actividades celebradas e un apartado con todas as axudas vixentes.



#SONBOIRO

10 MOTIVOS  
para asociarse

#6 \_REPRESENTACIÓN

A labor fundamental da asociación e que os asociados teñan capacidade de exercer presión ante as administracións para a consecución de melloras ou a resolución de problemas que afectan ao tecido empresarial.

Para iso é fundamental a fortaleza do colectivo que neste intre xa agrupa a 200 empresas.



#SONBOIRO